



COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS

Actividades comerciais



SOLICITANTE: nome e apelidos ou razón social

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello telefono e-mail

Medio de notificación: Electrónico: Postal:

REPRESENTANTE: nome e apelidos ou razón social

(No caso de empresas, comunidades de bens, comunidades de propietarios: escritura de constitución e documentación acreditativa da representación).

NIF, NIE ou CIF Enderezo CP

Concello telefono e-mail

DATOS DO ESTABLECEMENTO

ACTIVIDADE:

EMPRAZAMENTO: rúa, lugar...

COMUNICO

A apertura do establecemento sen realizar obras.

Que remataron as obras comunicadas/autorizadas o __/__/20__, polo que procede abrir o establecemento ou poñer en funcionamento as instalacións, sen prexuízo das comprobacións administrativas que procedan.

DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE

(se non se indica, entenderase que comezan ao día seguinte de presentar a comunicación):

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e en todo caso:

-que son certos os datos que figuran na presente declaración

-que cumpre cos requisitos esixibles na normativa vixente para acceder ao recoñecemento do dereito ao exercicio da mencionada actividade.

-que se compromete a manter o seu cumprimento durante o tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio da actividade.

-que achega toda a documentación preceptiva.

DOCUMENTACION ESIXIBLE PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE:

- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- Fotocopia do DNI, NIF...
- Xustificante de alta no IAE

AUTORIZA aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas á comunicación previa presentada.

Bueu, a de de 20

Sinatura de quen comunica:

Ao Sr. Alcalde do Concello de Bueu. Rúa Eduardo Vincenti, 8. Departamento de Urbanismo.



COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA ESTABLECEMENTOS

Actividades comerciais



DESCRIPCIÓN:

Pode vostede utilizar este impreso para comunicar a apertura dun establecemento ou a posta en marcha dunhas instalacións con destino a calquera uso distinto do de vivenda e aos recollidos no artigo 41 da Lei 9/2013.

Debera especificar se non foron necesarias obras ou se finalizaron as previamente autorizadas ou comunicadas co fin de poñer en marcha unha nova actividade (ou co de modificar substancialmente unha actividade previamente autorizada/declarada/comunicada). Para utilizar os edificios de nova planta ou que foran obxecto dunha reestruturación xeral será preciso obter, antes de presentar este impreso, a **licenza de primeira ocupación**.

Esta **comunicación de apertura de establecemento** habilita a inmediata posta en uso do mesmo.

ACTIVIDADES SEN OBRAS: documentación mínima asinada por técnico/a competente:

Cando **NON** se realizaran obras, ademais da comunicación e da certificación técnica, presentarase a seguinte documentación, asinada polo técnico:

- Memoria descritiva (das características do local e da actividade) e xustificativa do cumprimento da normativa.
- Documentación gráfica:
 - Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da parcela
 - Planos de planta, alzado e sección, a escala non menor de 1:100, con situación das instalacións e da maquinaria
- Reportaxe fotográfica
- Autorización ou declaración ambiental que proceda.
- e. no seu caso certificación do cumprimento da normativa acústica por empresa homologada.

Debe vostede identificar a actividade do establecemento polo epígrafe do IAE e coa denominación que ten na normativa deste imposto e, se é o caso, no anexo da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e no Catálogo de espectáculos e actividades recreativas.

Antes de presentar esta comunicación, deberá aboar os tributos municipais.

ACTIVIDADES SOMETIDAS A LICENZA OU AUTORIZACIÓN (Artigo 41 Lei 9/2013 do emprendemento e a competitividade).

En atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivadas da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico, será precisa a obtención de licenza ou autorización para:

- A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
- A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da comunidade autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.
- A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica exixa a concesión de autorización.

Presentar esta comunicación habilita para realizar a actividade descrita, pero non dispensa de obter as concesións, autorizacións, licenzas ou permisos que impoñan outras normas. Se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, deberá presentar a **comunicación de obra menor** ou solicitar e obter **licenza de obra**, se proceder. Logo de rematar a obra, presentarase esta comunicación con carácter previo ao inicio da actividade ou da apertura do establecemento. Os edificios de nova construción ou obxecto de reestruturación xeral deben obter previamente a **licenza de primeira ocupación**.

A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que, de acordo coa lei, habilita para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.

O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa e habilitarán o concello respectivo para a súa declaración logo de audiencia do/a interesado/a.

Consonte ao disposto no artigo 194.5 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a **declaración de ineficacia da comunicación** efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as ditas circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exigencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade

c
o
r
r
e
s
p
o
n
d

Ao Sr. Alcalde do Concello de Bueu. Rúa Eduardo Vincenti, 8. **Departamento de Urbanismo.**